

Master en Traballo social no Ambito sanitario

Presentación

Duración: 1 ano académico

Número de ECTS: 60

Número prazas: 8

Coordinador-a do título:

Francisco Xabier Aguiar Fernández

francisco.aguiar@uvigo.gal

Linguas de uso:

Castelán

Universidade coordinadora:

Universidade de Castilla-La Mancha

Universidade(s) participante(s):

Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela Universidade Complutense de Madrid, Universidade de Zaragoza Universidade de Castilla-La Mancha, Universidade de La Rioja

Acceso e admisión

(pendente)

Obxectivos

- 1 Ampliar o coñecemento da Saúde desde unha perspectiva biopsicosocial.
- 2 Coñecer os indicadores de Saúde da poboación nas diferentes comunidades autónomas.
- 3 Achegarse á epidemioloxía e aos conceptos cos que esta disciplina se vincula.
- 4 Ampliar o coñecemento sobre as políticas e modelos de Saúde Pública nas diferentes comunidades autónomas.
- 5 Coñecer os sistemas de xestión e calidade no Traballo Social Sanitario.
- 6 Ampliar o coñecemento sobre a estrutura e funcionamento do Sistema Sanitario.
- 7 Afondar nos principios que enmarcan a Ética da intervención social nun entorno sanitario, así como nas nocións de bioética e deontoloxía, dignidade, autonomía e consentimento informado.
- 8 Ampliar o coñecemento sobre Saúde Comunitaria, participación cidadá e prevención da saúde.

9 Afondar no coñecemento sobre o marco histórico do Traballo Social Sanitario e o obxecto de coñecemento e intervención do mesmo.

10 Ampliar o coñecemento sobre os diferentes ámbitos nos que se desenvolve o Traballo Social Sanitario, así como sobre as distintas funcións profesionais.

11 Afondar nos diferentes grupos de poboación aos que se dirixe a acción do Traballo Social Sanitario.

12 Consolidar o coñecemento sobre diferentes métodos, modelos e técnicas do Traballo Social aplicados ao ámbito sanitario.

13 Ampliar o coñecemento sobre as diferentes modalidades diagnósticas en Traballo Social e a súa aplicación ao ámbito sanitario.

14 Afondar no coñecemento do traballo con equipos de carácter inter ou multidisciplinar.

15 Ampliar o coñecemento sobre as modalidades de investigación en Traballo Social Sanitario que permita o acceso aos estudos de doutoramento.

16. Favorecer o desenvolvemento da actividade investigadora como ferramenta de coñecemento e desenvolvemento do Traballo Social Sanitario que permita o acceso aos estudos de doutoramento.

Competencias

- Comprender o contexto da saúde global para a intervención desde o Traballo Social no ámbito sanitario, tendo como referentes os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Integrar e aplicar os coñecementos adquiridos a través da introdución á investigación científica para o exercicio do Traballo Social no ámbito sanitario.
- Comprender as implicacións éticas da investigación ou da sistematización da práctica.
- Describir as estratexias de difusión e transferencia dos resultados da investigación e da sistematización da práctica do Traballo Social no ámbito sanitario.
- Comprender os modelos, métodos e técnicas de intervención en Traballo Social no ámbito sanitario.
- Comprender os modelos, protocolos e guías clínicas para a súa aplicación nos procesos de intervención social no sistema sanitario.

Saídas profesionais

Se cursas o Máster en Traballo Social no Ámbito Sanitario, as principais saídas profesionais están relacionadas coa intervención social dentro do sistema de saúde e coa coordinación sociosanitaria.

Hospitais

- Traballador/a social sanitario/a en hospitais xerais.
- Hospitais maternoinfantís.
- Servizos de urxencias.
- Unidades de oncoloxía, rehabilitación ou coidados paliativos.

Atención Primaria

- Centros de saúde.
- Equipos de atención primaria.
- Programas de saúde comunitaria.
- Coordinación entre os servizos sociais e sanitarios.

Servizos especializados de Saúde Mental e Adiccións

Administración pública

- Servizos de saúde das comunidades autónomas.
- Xestión e planificación de programas sociosanitarios.

Docencia e investigación

- Investigación en saúde comunitaria e traballo social sanitario.
- Formación de profesionais.

Plan de estudos - Materias

Saúde e traballo social no ámbito sanitario

Obrigatorio Primeiro semestre 6 créditos

Xestión e calidade no traballo social no ámbito sanitario

Obrigatorio Primeiro semestre 6 créditos

Intervención no traballo social no ámbito sanitario

Obrigatorio Primeiro semestre 6 créditos

Intervención no traballo social no ámbito sanitario en contextos de complexidade

Obrigatorio Primeiro semestre 6 créditos

Traballo social e saúde global

Obrigatorio Primeiro semestre 6 créditos

Novas tecnoloxías e traballo social no ámbito sanitario

Obrigatorio Segundo semestre 6 créditos

Investigación para a práctica do traballo social no ámbito sanitario

Obrigatorio Segundo semestre 6 créditos

Prácticas externas

Obrigatorio Prácticas en Empresas de Grao e Máster 9 créditos

Traballo fin de máster

Obrigatorio Traballos Fin de Grao e Máster 9 créditos

Prácticas externas e TFG

A matrícula e a adscrición aos grupos de Prácticas e do TFM do Máster en Traballo Social no Ámbito Sanitario funcionarán do seguinte xeito:

Matrícula: a matrícula das Prácticas Externas e do Traballo Fin de Máster (TFM) estará vinculada a unha das seis universidades que imparten o máster. Para iso, crearánse seis grupos, con oito prazas en cada un. Deste xeito, das 48 prazas dispoñibles, cada universidade terá asignado un grupo con oito prazas para as Prácticas e o TFM. A matrícula realizarase en función da cualificación obtida na baremación de acceso ao máster.

Prácticas

As prácticas externas corresponden á materia de prácticas académicas externas, OB do módulo común (9 créditos).

Están enfocadas a:

Ofrecer formación sanitaria especializada en diversos ámbitos e niveis de atención en Saúde.

Deseñar unha guía-itinerario formativa con rotacións programadas en diferentes servizos/dispositivos segundo a especialidade e os niveis de atención: Atención Primaria, Atención Hospitalaria, Saúde Mental Hospitalaria-Comunitaria.

Unha vez formalizada a matrícula, o alumnado poderá acollerse a unha das seguintes modalidades:

Elección do centro de prácticas segundo a orde resultante da baremación: cada universidade ofrecerá unha relación de entidades colaboradoras nas que poderá realizar as prácticas o alumnado matriculado nela. O alumnado non poderá optar ás prazas ofertadas por universidades distintas da aquela na que estea matriculado.

Autopraciticum: o alumnado poderá propoñer unha entidade na que realizar as prácticas. A Comisión Académica do Máster revisará a proposta e decidirá a súa aprobación ou denegación.

Recoñecemento por experiencia profesional: esta modalidade rexeráse polos criterios establecidos na memoria de verificación do máster, segundo os cales «o recoñecemento de créditos afectará única e exclusivamente á materia de Prácticas Externas (9 créditos) por experiencia laboral acreditada en Traballo Social no ámbito sanitario. O recoñecemento por experiencia laboral realizarase a partir de catro anos de experiencia profesional acreditada en Traballo Social no ámbito sanitario».

TFM

O TFM realizarase no marco dunha liña de investigación en relación coas materias do título. O TFM ten como obxectivo desenvolver un traballo de investigación, revisión bibliográfica ou un proxecto de intervención a través da integración dos coñecementos e habilidades adquiridos durante o Máster e debe ser un traballo orixinal e inédito.

Os TFM poderán estar vinculados aos centros de prácticas. Isto facilitará a reciprocidade no proceso e nos resultados do traballo, tanto para o alumnado como para a institución que participa no TFM.

Os traballos poderán ter un carácter vinculado á intervención ou á investigación no Ámbito Sanitario.

Calendario académico

- **Inicio do curso:** 22 de setembro de 2026.
- **Período de clases:** do 22/09/2026 ao 18/03/2027.
- **Prácticas en centros sanitarios:** do 29/03/2027 ao 04/06/2027.

Avaliación

Primeira convocatoria

- Cada materia avaliarase unha semana despois de rematar o período de clases.
- **Memoria de prácticas:** entrega o 8 de xuño.

Segunda convocatoria

- **Primeiro cuadrimestre:** do 21 ao 25 de xuño.
- **Segundo cuadrimestre:** do 28 de xuño ao 2 de xullo.
- **Memoria de prácticas:** entrega o 7 de xullo.

Traballo Fin de Máster (TFM)

Primeira convocatoria

- **Depósito:** 10 de xuño.
- **Defensa:** do 17 ao 18 de xuño.

Segunda convocatoria

- **Depósito:** 7 de xullo.
- **Defensa:** do 14 ao 16 de xullo.

Profesorado

O persoal docente do **Máster en Traballo Social no Ámbito Sanitario** pertence á **Universidade de Vigo**, á **Universidade de Castela-A Mancha**, á **Universidade Complutense de Madrid**, á **Universidade da Rioxa**, á **Universidade de Santiago de Compostela**, á e á **Universidade de Zaragoza**.

O profesorado conta cunha ampla experiencia tanto na investigación como na docencia universitaria, o que garante unha formación de alta calidade. O equipo docente está formado por **47 profesores e profesoras**, distribuídos do seguinte xeito:

- **55,3 %** de profesorado permanente (catedráticos/as de universidade, titulares de universidade, contratados/as doutores/as e colaboradores/as permanentes).
- **19,1 %** de profesorado asociado.
- **14,9 %** de profesorado axudante doutor.
- **10,6 %** de profesorado de universidades privadas.